



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | FISIOTERAPIA NAS DISCAPACIDADES NEUROLÓXICAS E DA VESEX | Código | 651G01021 | |
| Titulación | Grao en Fisioterapia | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | | |
| Coordinación | Amado Vazquez, Maria Eugenia | Correo electrónico | maria.eugenia.amado@udc.es | |
| Profesorado | Amado Vazquez, Maria Eugenia Chouza Ínsua, Marcelo Ortigueira Garcia, Serafin Vivas Costa, Jamile | Correo electrónico | maria.eugenia.amado@udc.es marcelo.chouza@udc.es serafin.ortigueira@udc.es j.vivas@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta e unha materia que fundamenta a intervención clínica nas discapacidades neurolóxicas propias do neno, do adulto e as presentes no envellecemento. Incidese na relación existente entre las patoloxías fundamentalmente de corte neurolóxico e o seu abordaxe fisioterapéutico. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A3 | Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde. |
| A4 | Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos; de forma que, ao termo dos estudos, os estudantes saiban aplicalos tanto a casos clínicos concretos no medio hospitalario e extrahospitalario, como a actuacións na atención primaria e comunitaria. |
| A5 | Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais. |
| A6 | Valoración diagnóstica de coidados de fisioterapia segundo as normas e cos instrumentos de validación recoñecidos internacionalmente. |
| A7 | Deseñar o plan de intervención de fisioterapia atendendo a criterios de adecuación, validez e eficiencia. |
| A11 | Proporcionar unha atención de fisioterapia eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes. |
| A12 | Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde. |
| A15 | Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica, fomentando actividades profesionais que dinamicen a investigación en fisioterapia. |
| A16 | Levar a cabo as intervencións fisioterapéuticas baseándose na atención integral da saúde que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial. |
| A17 | Comprender a importancia de actualizar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que integran as competencias profesionais do fisioterapeuta. |
| A18 | Adquirir habilidades de xestión clínica que inclúan o uso eficiente dos recursos sanitarios e desenvolver actividades de planificación, xestión e control nas unidades asistenciais onde se preste atención en fisioterapia e a súa relación con outros servizos sanitarios. |
| A19 | Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais. |
| B1 | CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adóitase atopar a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |



| | |
|----|--|
| B2 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C9 | Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|----------------|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Identificar a presentación clínica das enfermidades neurolóxicas e dos maiores. | A3 A4 A5 A6 A7 A11 A12 A16 A17 | B2 B3 B4 | C1 |
| Realizar o diagnóstico diferencial dos procesos neurolóxicos e dos maiores en relación a patoloxías susceptibles de tratamento fisioterápico. | A5 A6 | B1 | |
| Diseñar unha historia clínica de Fisioterapia enfocada ao paciente neurolóxico e maior. | A11 | B5 | C9 |
| Elaborar a valoración, diagnóstico de Fisioterapia e plan terapéutico dos pacientes neurolóxicos e maiores. | A16 A15 | | |
| Analizar e adaptar a utilización dos diferentes axentes físicos en relación aos pacientes neurolóxicos e maiores. | | | |
| Conocer, interpretar e diseñar a pauta de tratamento fisioterápico das complicacións relacionadas cos procesos neurolóxicos e do maior. | A3 A4 A18 A19 | | C3 C4 C5 C6 C8 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



UNIDADE TEMÁTICA I: Fisioterapia nas alteracións congénitas e adquiridas propias da infancia.

Tema 1: Plasticidad e rexeneración neural.

Tema 2: bases metodolóxicas xerais da fisioterapia neurolóxica.

Tema 3: Desenvolvemento psicomotor nos 2 primeiros anos de vida.

Tema 4: Abordaxe fisioterápico na Parálise cerebral infantil (PCI)

-Definición, sintomatología.

-Avaliación e abordaxe específica desde a fisioterapia.

Tema 5: Abordaxe fisioterápico na patoloxía ortopédica máis frecuente na infancia (parálise obstétrica do plexo braquial; tortícolis congénita; alteracións de cadeira(luxación de cadeira, enf. de Perthes, coxa vara)).

-Definición, sintomatología.

-Avaliación e abordaxe específica desde a fisioterapia.



UNIDADE TEMÁTICA II: Fisioterapia nas discapacidades neurolóxicas propias do adulto

Tema 1: Fisioterapia no Accidente cerebrovascular (ACV).

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico no ACV.

Tema 2: Fisioterapia nos traumatismos cranioencefálicos (TCE) e Tumores cerebrais.

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico no TCE e Tumores cerebrais.

Tema 3: Fisioterapia na lesión medular.

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico nas lesións medulares.

Tema 4: Fisioterapia nas enfermidades desmielizantes do SNC: Esclerose múltiple.

Enfermidade das motoneuronas: Esclerose lateral amiotrófica (ELA).

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico en patoloxías como Esclerose múltiple e Esclerose lateral amiotrófica.

Tema 5: Abordaxe fisioterápico na patoloxía máis frecuente do Sistema Nervioso

Periférico (SNP): parálise facial, plexo braquial e plexo lumbosacro.

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico en lesións do facial, plexo braquial e lumbosacro.

Tema 6: Fisioterapia nas neuropatías periféricas. Polineuritis desmielizante.

Guillain-Barré.

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico na síndrome de Guillain-Barre.

Tema 7: Fisioterapia no Arnold Chiari. Fisioterapia nas enfermidades da medula

espinal: Siringomielia.

- Definición e sintomatología.
- Avaliación e abordaxe específica fisioterápico en patoloxías como Arnold Chiari e Siringomielia.



UNIDADE TEMÁTICA III: Fisioterapia nos maiores

Tema 1: O envelhecimento

Tema 2: Programas de revitalización

Tema 3: Fisioterapia na osteoporose

Tema 4: Fisioterapia na enfermidade de Parkinson

Tema 5: Fisioterapia nas demencias. Enfermidade de Alzheimer

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|----------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Prácticas de laboratorio | A3 A4 A5 A6 A15 A16 A18 A19 B2 B4 | 21 | 34 | 55 |
| Sesión maxistral | A3 B1 B3 B5 C9 | 28 | 47 | 75 |
| Estudo de casos | A7 A11 A12 A15 A17 A18 A19 C1 C3 C4 C5 C6 C8 | 8 | 8 | 16 |
| Proba práctica | A3 A4 A5 A6 A18 | 1 | 0 | 1 |
| Proba de resposta múltiple | A3 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Estudo de casos | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. |
| Proba práctica | Proba na que se busca que o alumno desenvolva total ou parcialmente alguna practica que previamente tivese feito durante as clases practicas. |



| | |
|----------------------------|--|
| Proba de resposta múltiple | Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida. As respostas erradas restarán puntuación das correctas. |
|----------------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|--|
| Estudo de casos Prácticas de laboratorio | Atención personalizada presencial e non presencial en horarios de tutorías dos docentes e/ou a través do correo electrónico (de uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais, para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados) e Teams (para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados). As tutorías realizaranse por vía telemática seguindo as canles indicadas. Ditas medidas de atención personalizada son aplicables tamén os estudantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|----------------------------|--|---|---------------|
| Estudo de casos | A7 A11 A12 A15 A17 A18 A19 C1 C3 C4 C5 C6 C8 | Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo. | 10 |
| Prácticas de laboratorio | A3 A4 A5 A6 A15 A16 A18 A19 B2 B4 | Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións. | 10 |
| Proba práctica | A3 A4 A5 A6 A18 | Utilízase para a avaliación dos contidos analizados durante as practicas de laboratorio. | 35 |
| Proba de resposta múltiple | A3 | Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida. As respostas erradas restarán puntuación sobre as válidas. | 45 |

Observacións avaliación



A proba teórica representa o 45% da avaliación. A proba práctica o 35%. Entre ambas probas suman un 80%. A avaliación continuada supón o 20%, inclúe prácticas de laboratorio e estudo de casos. Para facer media é necesario un mínimo do 50% da parte teórica e da práctica.

Para gardar unha das partes da materia (teórica ou práctica) hai que presentarse a ámbalas dúas.

Si o estudante se presenta a unha das partes e non fai na outra, a súa nota final constará como suspenso.

Estes criterios e actividades de avaliación tamén serán aplicados para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial.

Nota: Farase un seguimento da asistencia por parte dos alumnos as prácticas de laboratorio.

As porcentaxes asignadas a cada proba poden sufrir pequenas modificacións dun curso a outro en función das necesidades da materia, non obstante o valor do exame (teórico e práctico) non será inferior ao 80% da nota final.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia da convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Póo Argüelles P. Parálisis cerebral. (2007). En: Fejerman N, Fernández Alvarez E, Neurología pediátrica.. 3ª ed. Buenos Aires, Argentina. Panamericana
- Brust, JC. (2008). Diagnóstico y tratamiento en neurología. . McGraw-Hill/interamericana de España. Madrid
- Calero, MD, Hernandez, I; Lopez, E; Zafra, I. (2007). Actuación del fisioterapeuta en esclerosis múltiple. . 2ª edición. Editorial Formación Alcalá la Real
- Davies, P. (2003). Pasos a seguir: tratamiento integrado de pacientes con hemiplejía. 2ª edición, Madrid: Panamericana
- Harvey, L. (2010). Tratamiento de la lesión medular. Guía para fisioterapeutas. . Elsevier, Barcelona
- Stokes, M (2006). Fisioterapia en la rehabilitación neurológica.. 2ª edición. Elsevier. Madrid
- Waxman, SG. (2004). Neuroanatomía clínica.. 13ª edición. Manual moderno. Mexico
- Avellaneda, A; Amado, ME; Isla, A; Izquierdo, M. y colaboradores. (2009). Malformaciones de la unión craneo-cervical (Chiari). BMC Musculoskeletal disorders. volumen 10
- Díaz, M.J. (2005). Tratamiento fisioterápico en pacientes con lesión en el sistema nervioso central: cuando la vía corticoespinal presenta mejor activación que otras vías implicadas en el movimiento. . Fisioterapia 27:266-273
- Gómez-Soriano, J; Taylor, J. (2010). Espasticidad después de la lesión medular: revisión de los mecanismos fisiopatológicos, técnicas de diagnóstico y tratamientos . Fisioterapia 32:89-98
- Macías, A.I; Cano, R (2007). Revisión del tratamiento en pacientes con esclerosis múltiple. . Fisioterapia 29:36-43
- López, P; Gallego, C; Pacheco, S. (2005). Tratamiento fisioterápico en esclerosis múltiple: a propósito de un caso clínico.. Fisioterapia 27(1): 30-40
- Paeth, B. (2007). Experiencias con el Concepto Bobath.. 2ª edición, Madrid: Panamericana
- NARA I. (2003). Manual de Fisioterapia. Fisioterapia en accidentes cerebrovasculares. Madrid: Ibersaf Editores/AEF
- Cano de la Cuerda, Collado Vazquez (2012). Neurorrehabilitación. Métodos específicos de valoración y tratamiento. Madrid: Panamericana
- Delgado Ojeda M.A (2004). Rehabilitación y fisioterapia en Geriatria. 2ª ed. Jaén Alcalá
- Rubens J Da Silva (2005). Fisioterapia geriátrica.. Madrid: Mc Graw-Hill; Interamericana
- Berciduo Blanco, J A (1991). Optimización del tratamiento de Parkinson. Madrid; Fundación Valgrande
- Alvarez-Buylla A, Lim DA (2004). the long run: Maintaining germinal niches in the adult brain. ... Neuron. 2004 Mar 4;41(5):683-6.
- Duffau H. (2006). Brain plasticity: From pathophysiological mechanisms to therapeutic applications. J Clin Neurosci. 2006 Nov;13(9):885-97.
- Fejerman N, Fernández Álvarez E. (2007). Neurología pediátrica. 3ª Ed. Buenos Aires, Argentina: Panamericana
- Johnston MV. (2009). Plasticity in the developing brain: Implications for rehabilitation. . Dev Disabil Res Rev. 2009;15(2):94-101.
- Chouza M, Raposo I, Fernández R et al (2001). Protocolo de fisioterapia en el paciente parkinsoniano. Fisioterapia 2001; 23(4): 191-199
- Chouza Insua M (2009). Fisioterapia en el paciente parkinsoniano. Ed. Síntesis
- Arias P, Chouza M, Vivas J, Cudeiro J. (2009). Effect of whole body vibration in Parkinson's disease: a controlled study.. Movement Disorders 2009;24(6):891-8
- Chouza M, Arias P, Viñas S, Cudeiro J. (2011). Acute effects of whole-body vibration at 3, 6, and 9 Hz on balance and gait in patients with Parkinson's disease.. Movement Disorders 2011;26(5):920-1.
- Shumway-Cook A, H. Woollacott M (2016). Motor Control: Translating Research into Clinical Practice. 5th Edition. Lippincott Williams and Wilkins
- Vojta V, Schweizer E. (2011). El descubrimiento de la motricidad ideal. Ed. Morata, S.L.

Bibliografía complementaria



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

VALORACIÓN FUNCIONAL E PSICOSOCIAL/651G01007
PATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA I/651G01011
CINESITERAPIA: BASES DO EXERCICIO TERAPÉUTICO/651G01013
FISIOTERAPIA NEUROLÓXICA E PSICOMOTRIZ/651G01016
FISIOTERAPIA RESPIRATORIA/651G01017

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

FISIOTERAPIA MANUAL E OSTEOPÁTICA II/651G01019
REHABILITACIÓN CARDIO-RESPIRATORIA E VASCULAR/651G01020
FISIOTERAPIA NAS DISFUNCIÓNS DO APARELLO LOCOMOTOR/651G01024

Materias que continúan o temario

ESTANCIAS CLÍNICAS II/651G01036

Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático. De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:- Non se utilizarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a realización de borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías